



Esta utilidade foi creada coa idea de que profesor e alumnado puidesen compartir arquivos, permitindo, a súa consulta directamente na web sen necesidade da súa descarga. Consta de tres apartados, un primeiro, onde todos os arquivos son visibles para alumnado e profesorado; o segundo denominado "persoal" onde cada usuario ten os seus arquivos e, un terceiro, solo visible polo profesor e dende o cal o docente pode acceder ás carpetas "persoais" de todos e cada un dos seus alumnos e alumnas.



## Contido inicial:

**Cabeceira:** Observe que existe unha casa que debe de marcar se desexa que se vexa o "título" desta páxina así como o aspecto que este texto terá e o seu fondo.

**Directorio:** Aquí determinaremos o aspecto e o tamaño que terán os tres tipos de apartados comentados; os arquivos compartidos (visibles por calquera usuario rexistrado, alumno ou profesor) os arquivos persoais (visibles unicamente para o seu propietario) e por último o lugar que, unicamente o profesor vai e na que atopan as carpetas de cada un dos alumnos.



1. - Determine aquí os parámetros da fonte que usan as tres pestanas.

2. - Texto que aparecerá en cada unha das tres pestanas así como o fondo das pestana.

3. - Aspecto da liña que separa a "árbore de directorio".

4. - Neste apartado debe de indicar o número máximo de MB que permitirá almacenar en cada carpeta.

É moi conveniente que consulte, no caso de subir este xestor de arquivos a un servidor web en Internet, as condicións de espazo dispoñible que ten.

5. - Este será a mensaxe que aparecerá no caso de que se supere algún dos límites introducidos en "4".

**Arquivo:** aquí especificarase o tipo de arquivos que se poderán subir ao noso xestor.



*Imaxes:* Con tan só facer clic sobre o nome do arquivo a imaxe aparecerá na zona de visión. Algún navegador pode non mostrar nada.

*ViewerJS:* Aparecen baixo este epígrafe debido a que para o seu "visionado" emprégase unha ferramenta de código aberto chamado ViewerJS ([www.viewerjs.org](http://www.viewerjs.org)), pode atopar máis información pulsando sobre as "?" ou no apartado de "recoñecementos" na pestana "Etiqueta\Mensajes".

Con esta utilidade poderemos ver calquera dos arquivos xerados por OpenOffice/LibreOffice.

*Arquivos de vídeo e son:* Permitiranos reproducir estes arquivos multimedia directamente no navegador, sen ningún tipo de plugin. Consulte o manual de "Arquivos de audio e video".

*Arquivos txt e pdf:* úsanse os visores propios dos navegadores.


*ZIP:* Non hai ningún tipo de visionado. Unicamente se poden descargar.

En "php, ard, xml" pódense especificar outros formatos de arquivo permitidos para subir ao noso xestor con tan só escribir as súas extensións separados por comas.

**Existen arquivos que poderían comprometer a seguridade do seu servidor** polo que infórmese ben en cada caso das consecuencias que pode traer permitir un determinado tipo de arquivos.

Na seguinte liña deberá de escribir a mensaxe que aparecerá no caso de que se intente subir un tipo de arquivo non permitido.

A seguinte limita o **tamaño máximo do arquivo** así como a súa mensaxe de advertencia á hora de superar ese máximo.



Por último temos a mensaxe que aparece cando se intenta subir un arquivo que xa existe.



**Mensaxes.** Neste apartado configuraremos o aspecto das ventás de diálogo do noso "xestor".

## Etiqueta\Mensaxes

Aquí atopamos os apartados referentes a "Upload" (suba de arquivos), "Carpeta", o relativo aos botóns, a opción de gravar así como o relativo ao "copia/pega" de arquivos.

**Upload:** Na esquina inferior esquerda atopa o botón (icona con frecha sinalando cara a arriba) que permite a suba de arquivos á carpeta seleccionada. Aquí deberá de especificar a etiqueta para ese botón como a etiqueta para o botón de "cancelar", estas etiquetas aparecen cando se sitúa o rato enriba destes botóns. Tamén debe de introducir o título para a ventá que se abre ao pulsar no botón de "upload".

Para subir os arquivos o usuario ha de pulsar o botón de upload e aparecerá unha ventá parecida á da seguinte imaxe.



Existen dúas formas de indicar os arquivos que queremos subir. A primeira facendo clic sobre o botón (na imaxe da esquerda ten a etiqueta "Archivo") onde aparecerá a típica ventá do sistema operativo para que indiquemos que arquivo ou arquivos queremos subir.

A segunda é seleccionando directamente o/os arquivos e "arrastrándoos" a esta

mesma zona.

Unha vez arrastrados ou seleccionados os arquivos que queremos subir aparecerán nesta ventá xunto co seu tamaño, debaixo aparece un recadro no que, se se estima oportuno,

se pode introducir un comentario sobre o contido do arquivo, este comentario vai aparecer posteriormente na zona de visión sobreimpreso no fondo xunto co seu nome, o nome de usuario que o subiu e a data na que o fixo.

Para subir unicamente quedanos pulsar o botón verde. Se queremos eliminar algún arquivo antes de proceder á "suba" tan só habemos de pulsar sobre o cubo que está situado na esquina superior dereita do rectángulo dedicado aos datos de cada un dos arquivos.

**Carpeta:** debe de introducir a etiqueta para o botón de creación de carpetas (New fólder) así como o título que terá a ventá de diálogo que aparecerá a pulsala.



Tamén debe de introducir o texto que indique ao usuario que escriba o nome da nova carpeta.

Por último debe de escribir as etiquetas correspondentes á opción de borrar a carpeta (delete fólder).

Teña presente que para crear unha carpeta dentro doutra xa existente, previamente debeu de seleccionar a xa existente.

**Botóns:** Neste apartado aparecen, entre outras as etiquetas ou botóns de "Recarga" (cando se soben varios arquivos, ou distintos usuarios soben arquivos é necesario forzar a recarga dos datos para poder velos), "download" permite a descarga directa do arquivo seleccionado. "información" permite ver/non ver (se está marcada a casa) os comentarios introducidos en cada arquivo. Observe que varias destas opcións estarán "activas" sempre que se marcara a casa correspondente.

Deberá de indicar tamén os textos que aparecerán no caso de que se pulse sobre o botón de "eliminar ficheiro".



**Gravar:** marcando esta casa, o xestor de arquivos permitirá ao usuario, na súa carpeta persoal, gravar video procedente dunha webcam (ou similar), audio (de micrófono ou webcam) e a propia pantalla do ordenador en formato vídeo.

**Mover:** o xestor de arquivos conta coa posibilidade de arrastrar os arquivos que e están nel a outra carpeta que teñamos. Neste caso aparecerá unha pantalla de diálogo co texto que indiquemos aquí.

**Menú:** aquí escribiremos as etiquetas referentes ás opcións de copiar, cortar e pegar que podemos usar a facer clic co botón dereito do rato sobre calquera dos arquivos.

The image shows three screenshots of a web-based file manager interface. The first screenshot, titled "Grabar", features a "Recorder" button with a music note icon, a "Connect" button, and a "Select the type of entry:" section with "Video", "Audio", and "Screen" options. Below are "Record audio" and "Record Microphone" buttons. The second screenshot, titled "Mover", shows a "Move file" dialog box with a text input field containing "Do you want to move t" and a "to" field containing "/Images/?". A red "X" icon is visible in the bottom left. The third screenshot, titled "Menu", displays three options: "copy", "cut", and "paste", each with a corresponding icon. A text input field next to "paste" contains "Do you want to copy the file:".

Ao igual que nas outras páxinas xa só nos queda gardar e publicar o noso traballo.